

# Erros frecuentes no desenvolvemento dun proxecto eTwinning

Ó tempo que medra o número de solicitudes ano a ano, tamén medra a porcentaxe de proxectos que conseguem o recoñecemento de selo de calidade. Isto indícanos que a metodoloxía baseada nos criterios de calidade eTwinning vai asentándose entre os docentes membros dos proxectos. Desde o Servizo Nacional de Apoyo felicitamos a todos os docentes que conseguiron o selo de calidade polo bo traballo realizado.

Por outro lado, tras revisar os comentarios feitos polo equipo avaliador dos proxectos, tanto naqueles que obtén o selo de calidade como nos que non, o SNA observou que hai erros reiterados que se cometén durante o desenvolvemento dos mesmos.

Na táboa de abajo destacamos os erros más frecuentes, así como ideas para subsanálos. Unha *regra de ouro* que se debe ter en conta é que a planificación previa do proxecto garante unha alta probabilidade de éxito.

Erro frecuente	Como subsanalo?
Non se fixo unha planificación de tarefas/actividades antes do comezo do proxecto.  <u><a href="#">Planificación</a></u>	Elaborar un documento no que se deseñen as tarefas/actividades (temporalización, proceso de traballo, agrupamento de alumnos, proposta de ferramenta dixital, etc.), e aloxalo no <i>TwinSpace</i> para que estea a disposición de todos os socios.

GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL  
Y DEPORTESINSTITUTO NACIONAL DE  
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE  
FORMACIÓN DEL PROFESORADOCofinanciado por  
la Unión Europea

	Empregar o calendario e/ou cronograma.
As páxinas de actividades do <i>TwinSpace</i> están desordenadas.	Planificar a orde das páxinas de actividades para que calquera visitante que visualice o <i>TwinSpace</i> poida comprender de forma sinxela cómo se levou a cabo o proxecto. Evitar que a orde estea determinada polas aportacións individuais dos países.  <u><a href="#">Exemplo</a></u>
O alumnado dos centros escolares socios non interactúa.	Elaborar unha estratexia de comunicación, coa axuda de ferramentas dixitais acordes ó grao de autonomía do alumnado: interactuar nos perfís, reaccionar ó traballo do socio, crear debates nos foros, organizar conversacións de chat, organizar sesións de videoconferencia, etc.  <u><a href="#">Foros</a></u>
O traballo dos centros escolares socios é en paralelo. Non se presentan resultados colaborativos.	Establecer un plan de reunións en liña de coordinación do profesorado socio (usar ferramenta de vídeo conferencia).  Elaborar unha estratexia de colaboración: organizar o alumnado en

GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL  
Y DEPORTESINSTITUTO NACIONAL DE  
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE  
FORMACIÓN DEL PROFESORADOCofinanciado por  
la Unión Europea

	<p>grupos de nacionalidade mixta segundo a súa autonomía, participar en documentos colaborativos (padlet e similares), producir resultados colectivos nos que o alumnado sexa co-autor, co-creador, etc.</p> <p><u><a href="#">Colaboración</a></u></p>
<p>Non se documenta o proceso de traballo.</p> <p>Non se identifica a autoría de materiais, textos, etc.</p>	<p>Achegar probas gráficas e documentadas do proceso: fotos, vídeos, enlaces, capturas de pantalla, imaxes, inserir produtos dixitais nas páxinas de actividades...</p> <p>Fomentar a autonomía dos alumnos para que accedan ó TwinSpace e completen o seu perfil, suban os materiais, interveñan en foros, chats e videoconferencias, publiquen na páxina de inicio, asinen as tarefas, ...</p>
<p>Publícase un número elevado de imaxes/fotos e outros documentos irrelevantes para o proxecto eTwinning (moi frecuente nos proxectos asociados con mobilidades).</p>	Deixar constancia das tarefas e eventos incluíndo só aquelas imaxes que sexan más significativas.
<p>Non se presenta unha avalación do proxecto nin do alumnado.</p>	Convén facer unha avaliación do proxecto, tanto por parte dos docentes socios como do alumnado.

GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL  
Y DEPORTESINSTITUTO NACIONAL DE  
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE  
FORMACIÓN DEL PROFESORADOCofinanciado por  
la Unión Europea

	<p>Unha reflexión do que se fixo ten que derivar nunha toma de decisións de propostas de mellora, que permitan unha avoliación en proxectos posteriores.</p> <p>É importante definir o proceso de avaliación do alumnado en relación á consecución das competencias clave e, polo tanto, reflectir a súa contribución á cualificación final.</p>
Os resultados tangibles do proxecto non estean ben definidos.	Concretar os resultados que se queren conseguir antes de iniciar o proxecto: un mapa, unha revista, unha guía turística, unha mascota, un estudio estadístico, unha carta de restaurante, un vídeo, unha exposición fotográfica, etc.
A ferramenta utilizada non é axeitada á idade do alumnado.	Asegurarse de que la complexidade de uso da ferramenta non dificulta a execución dunha tarefa nin desmotiva ó alumnado.
Non se dea difusión ó proxecto.	Informar á comunidade educativa do teu centro escolar, presentar a experiencia doutros centros escolares, publicar na páxina web institucional do

GOBIERNO  
DE ESPAÑAMINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL  
Y DEPORTESINSTITUTO NACIONAL DE  
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE  
FORMACIÓN DEL PROFESORADOCofinanciado por  
la Unión Europea

	centro escolar, en redes sociais, en prensa local, etc.  <u>Difusión</u>
--	--

Para evitar algúns erros, sexan os sinalados aquí arriba ou otros, é recomendable ter presente en todas as etapas de desenvolvemento do proxecto a rúbrica de avaliación do selo de calidade

<https://etwinning.es/es/nova-rubrica-de-avaliacion-para-selos-de-calidadd-nacional/>

Fala cos teus socios, tratade xuntos de identificar posibles erros como os sinalados más arriba, e reflexionade sobre a conveniencia de cambiar o rumbo.

[Axuda eTwinning](#)

*Fonte imaxe: Pixabay*